

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

Lugar: Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 26 de febreiro de 2024

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 14:00 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Juan Jesús Rico Fuentes (representante do estudantado de doutoramento)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2022/23
4. Análise e validación, se procede, do autoinforme de renovación da acreditación do Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
5. Aprobación, se procede, do plan de actualización y mellora do SGC
6. Aprobación, se procede, da modificación do indicador IPD11 no catálogo de indicadores de doutoramento
7. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbase por asentimento as actas das Comisións de Calidade da EIDO do 29 de novembro e do 15 de decembro de 2023 e do 12 de xaneiro de 2024.

2. Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre os seguintes puntos:

- Na próxima reunión da Comisión Permanente a finais de marzo tratarase a modificación do Regulamento de Estudos de Doutoramento da universidade.
- A Secretaría de Universidades de Ministerio de Educación enviou a resposta ás cuestións plantexadas dende a Conferencia de Directores de Escuelas de Doctorado.

O subdirector da EIDO informa sobre os seguintes puntos:

- Tras o envío de alegacións por parte da EIDO, recibíuse o informe definitivo favorable da ACSUG para a renovación da acreditación do PD en Creatividade e Innovación social e sostible.
- Recibíuse o informe provisional de renovación da acreditación do PD en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento. O informe é favorable condicionado á presentación de un plan de melloras. Todos os criterios están valorados como B (acádase), agás o de Recursos Humanos, con A (supérase excelentemente) e Información e Transparencia, con C (acádase parcialmente), debido a carencias na publicación de información pública. En colaboración coa CAPD do programa enviáronse alegacións e o plan de melloras solicitado.

- A ACSUG informou nunha xuntanza en decembro do calendario previsto para o seguimento e acreditación de títulos do curso 2023/2024. No referente a doutoramento o PD en Ciencias Mariñas debe remitir o seu autoinforme de renovación da acreditación a finais de febreiro
- Na mesma xuntanza presentouse o calendario de seguimentos do curso 2023/2024 no que participarán os PD en Ciencias da Educación e do comportamento, o PD en Educación, Deporte e Saúde, o PD en Ordenación Xurídica do mercado e o PD en Tecnoloxías da información e as comunicación.

3. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do curso 2022/23

O subdirector da EIDO informa de que estas enquisas encádranse na programación da avaliación da satisfacción da EIDO 2022/23 – 2025/26 aprobada pola Comisión de Calidade en xullo de 2023. A enquisa realizouse en liña mediante a aplicación LimeSurvey foi realizada entre o día 2 e o 31 de outubro. Despois dos cambios de cuestionario e formato realizados en anos anteriores para a súa harmonización no SUG, este ano non se incorporan máis novidades.

Síntese de resultados:

1 Participación

Lixeira tendencia negativa en 1º ano, diminuíndo a taxa de participación do 52%, o ano anterior, ao 48% (180 respostas efectivas dunha poboación de 373). En 3º ano, lixeira tendencia á alza, pasando de 43% a 46% (113 respostas efectivas dunha poboación de 243). Ambas as dúas mantéñense en valores históricos relativamente estables.

Non se produciron incidencias destacables de non resposta por mor da carga dos datos da poboación na aplicación.

Por programas, incorpóranse por primeira vez PD Turismo en 3º ano e PD Ciencias Sociais e Envellecemento, e PD Matemáticas e Aplicacións en 1º ano. O PD Nanomedicina non presenta matrícula en 1º nin 3º.

Considerando o 35% un valor de participación aceptable (mesmo con certa heteroxeneidade nos PD), superan este limiar 31 dos 40 PD de 1º ano con matrícula e 27 dos 39 de 3º ano. Respecto disto, obsérvase un empeoramento nos PD de 3º ano.

Destacan pola alta participación (igual ou superior ao 75%) os PD Protección do Patrimonio e Ciencia e Tecnoloxía Química (1º e 3º ano), e Láser, Neurociencia, Química Teórica e Ciencias Sociais e Envellecemento en 1º ano, e Auga, Estudos Ingleses, Xeotecnoloxías, Eficiencia Enerxética en 3º ano. Ao contrario, Estatística, e Métodos Matemáticos (1º e 3º ano), e Endocrinoloxía, Eficiencia Enerxética en 1º ano, e Tradución e Paratradución en 3º, todos con nula participación.

2 Satisfacción

A tendencia á mellora estabiliza en 1º ano, pasando de 4,15 o ano anterior a 4,14, e mesmo retráese en 3º pasando de 3,97 a 3,86. Os dous valores están por riba do obxectivo de calidade 2023 (3,85), pero cada vez con menos marxe, o que pode indicar que, con este deseño da prestación de servizos, estase a acadar o límite de satisfacción.

Por programas, 7 PD en 1º e 12 en 3º quedan por debaixo do obxectivo de calidade.

Destacan, pola súa alta satisfacción (igual ou superior a 4,5/5) os PD Turismo, e Sistemas de Software (1º e 3º ano), Ordenación Xurídica e Investigación en Tecnoloxías en 1º ano, e Endocrinoloxía en 3º ano.

Ao contrario, obteñen valores inferiores a 3/5, os PD Xeotecnoloxías e Química Teórica en 1º ano, e Física Aplicada en 3º ano.

Por temáticas, os aspectos mellor valorados son a dirección e titorización da tese e o fomento da crítica científica, tanto en 1º como 3º, e a oferta formativa en 3º ano (arredor de 4,5/5).

Por debaixo do obxectivo de calidade quedan a información pública –web- (en 1º), a información sobre as axudas ou contratos pre-doc e post-doc e mobilidade (en 1º e 3º), a información sobre a presentación da tese e as súas modalidades ou mencións (3º), os trámites informáticos asociados ao plan de formación e de investigación (1º e 3º), e avaliacións anuais (3º), e a orientación profesional (non chega a 3). A maioría dos aspectos, tanto positivos como negativos, son repetitivos de anos anteriores.

A próxima avaliación correspondente ao curso 2023/24 realizarase en outubro de 2024

4. Análise e validación, se procede, do autoinforme de renovación da acreditación do Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión

O subdirector da EIDO informa que, de acordo coa programación establecida pola ACSUG, o autoinforme de renovación da acreditación e a documentación correspondente ten que estar subida á aplicación AVALÍA o 29 de febreiro e a visita da comisión de avaliación terá lugar o 9 de abril.

A Comisión de Calidade valida por asentimento o autoinforme de renovación da acreditación do Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión.

5. Aprobación, se procede, do plan de actualización e mellora do SGC

O subdirector da EIDO e o técnico de calidade Miguel Dorribo informan da conveniencia de abordar unha actualización e mellora do SGC da EIDO con fin de acometer a posibilidade de acreditar institucionalmente a escola e para adaptar o sistema aos cambios normativos contidos no RD 576/2023. Tamén se pretende recoller a labor realizada polos grupos de traballo tanto na revisión do SGC como na proposta de novas accións. O plan de actualización

e mellora plantéxase en dúas etapas coa pretensión de que estea completamente implantado a nova versión no curso 2025/2026.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento o plan de actualización e mellora do SGC que se detalla e achega como Anexo.

6. Aprobación, se procede, da modificación do indicador IPD11 no catálogo de indicadores de doutoramento

A Comisión de Calidade aproba por asentimento a modificación do indicador IPD11 no catálogo de indicadores de doutoramento que se achega como Anexo no que se reflicte a modificación das fontes de información para o seu cálculo.

7. Rolda aberta de intervencións

A profesora Paloma Morán pregunta se existe algunha normativa ou protocolo que determine que os coordinadores dos programa de doutoramento teñan un límite de mandatos. O profesor Pedro Pablo Gallego suxire a conveniencia de manter contactos co rectorado para aumentar o recoñecemento ás labores de coordinación. O director da EIDO indica que existe un procedemento para renovar parcialmente as CAPD e a coordinación, aínda que é consciente das dificultades para atraer a novos candidatos para estas labores e que tamén sería convinte, sobre todo en programas grandes, incrementar o apoio administrativo.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 26/02/2024

1. Apróbanse as actas das Comisións de Calidade da EIDO do 29 de novembro e do 15 de decembro de 2023 e do 12 de xaneiro de 2024.
2. Validación do autoinforme de renovación da acreditación do Programa de Doutoramento en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión.
3. Aprobación do plan de actualización y mellora do Sistema de Garantía de Calidade da EIDO.
4. Aprobación, se procede, da modificación do indicador IPD11 no catálogo de indicadores de doutoramento.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

PLAN DE CALIDADE

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE (SGC) DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ACTUALIZACIÓN E MELLORA 2024-2025

Motivación

Adaptación do SGC a cambios legislativos e normativos, principalmente:

-LOSU 2/23

-Lei 14/2011, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación

-RD 822/2021, de Organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade

-RD 640/2021, de Creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios

- RD 576/2023, polo que se modifica o RD 99/2011, de regulación das ensinanzas oficiais de doutoramento

-CRUE: Informe de aplicación do RD 822/2021 sobre a inclusión da sostibilidade nos plans de estudos universitarios (impulso desde a gobernanza universitaria e Principio DNSH) – abril 2023

-REACU: Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento – v 11.12.2023

Período de execución

Programación en 2 fases, segundo a táboa que se detalla

- o **Fase I:** curso 2023-2024 (febreiro →xullo de 2024) → implantación no curso 2024/25
- o **Fase II:** curso 2024-2025 (ata fin de 2025, se necesario) → implantación no curso 2025/26

Responsabilidades e recursos

Responsabilidades

Soporte institucional:

- o vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente
- o vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación: temáticas sobre I+D+i

Liderado: Dirección da Eido e xefatura do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

Coordinación: técnico superior de Calidade (Área de Calidade)

Participación: Comisión de Calidade da Eido + áreas e servizos implicados (en particular, persoas das áreas académicas de doutoramento e membros das CAPD)

- o En particular: **colaboración** das áreas con competencias asociadas aos ODS (Área de Equidade e Diversidade, UAP, OMA...)

Recursos

Ademais dos descritos, posibles recursos financeiros para actividades formativas e actividades asociadas ao desenvolvemento e implantación dos procesos de funcionamento da Eido → financiamento da Eido ??????

Obxectivos

- Mellorar a **implantación efectiva (real)** no mellora diario da Eido, CAPD, áreas e servizos no ciclo de doutoramento
- Incorporar **cambios legislativos e normativos**
- Actualizar e optimizar os **procesos**
- Incorporar a **sostibilidade** como elemento transversal
- Simplificar os formularios e harmonizar a **imaxe gráfica** da documentación
- Aplicar, sempre que sexa posible, os **estándares de C&C**
- **Certificar** a implantación do SGC

Metodoloxía

Mesma metodoloxía que a empregada no proxecto de implantación do SGC – 2021:

- estrutura por procesos
- constitución de grupos de mellora (participación do persoal o máis representativa posible)
- limitado no tempo (2/3 reunións en 1 ou 2 meses máximo por proceso)
- emprego de MS Teams como ferramenta colaborativa.

Orientación práctica → Diseñar + implantar.

Plan de Calidade SGC Eido 2024-2025 - PROGRAMACIÓN

Fase I

Actividade	Responsable	Calendario	Comentarios
ASPECTOS ORGANIZATIVOS			
Presentar, debater e aprobar o Plan	AdC + Dirección Eido	01-02.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
Comunicar o Plan: presentar a - vicerreitorías implicadas - CAPDs + áreas académicas - Comité de Dirección	AdC + Dirección Eido	02-06.2024	
ASPECTOS ESTRATÉXICOS			
Analizar e adaptar o mapa de procesos	AdC + Dirección Eido	02.2024	Taller participativo → Mapa v_4
(Re) Establecer competencias de cada proceso		02.2024	Fichas de proceso Establecer grupos de mellora
Actualizar o Manual de Calidade		03.2024	Manual ind_02
Aprobar o Manual de Calidade	Dirección Eido	06.2024	Comisión de Calidade + Comité de Dirección

PROCESOS			
Adaptación + elaboración da documentación asociada (procedementos, guías ou manuais, formularios) + actividades de implantación			
(DE) Dirección estratéxica -Estratexia -Revisión do SGC	AdC + Dirección Eido	03.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(XP) Xestión dos Programas -Deseño e aprobación -Seguimento, mellora e acreditación -Suspensión e extinción	AdC + Dirección Eido	03-04.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(AC) Xestión Académica -Admisión	AdC + Dirección Eido	05.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(FI) Formación dos investigadores -Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos -Xestión da mobilidade -Autorización e defensa da tese	AdC + Dirección Eido	06-07.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
➤ <i>Aprobación dos procesos Fase I</i>	<i>AdC + Dirección Eido</i>	<i>06-07.2024</i>	<i>Comité de Dirección</i>

Fase II			
Actividade	Responsable	Calendario	Comentarios
PROCESOS (cont.)			
Adaptación + elaboración da documentación asociada (procedementos, guías ou manuais, formularios) + actividades de implantación			
(PE) Xestión do persoal -Xestión do persoal de apoio -Xestión do persoal académico	AdC + Dirección Eido	10-11.2024	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(AC) Xestión Académica -Atención ao estudiantado e orientación profesional	AdC + Dirección Eido	01-02.2025	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(XD) Xestión documental -Control dos documentos -Control dos rexistros	AdC + Dirección Eido	03.2025	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(IP) Información pública -IP e rendemento de contas	AdC + Dirección Eido	04.2025	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
(AC) Xestión da infraestrutura -Xestión dos recursos materiais e dos servizos	AdC + Dirección Eido	05.2025	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade

(MC) Xestión da calidade e mellora continua -Xestión de QSP -Medición da satisfacción	AdC + Dirección Eido	06.2025	Grupo de mellora Acordo da Comisión de Calidade
➤ <i>Aprobación dos procesos Fase II</i>	<i>AdC + Dirección Eido</i>	<i>06-07.2025</i>	<i>Comité de Dirección</i>

Principio DNSH: *Do No Significant Harm Principle* (Principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente)

ODS: Obxectivos e metas de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas

C&C: Carta Europea do Persoal Investigador e Código de Conduta para contratar investigadores

CATÁLOGO DE INDICADORES

Programas de doctorado

**UNIDAD DE ANÁLISIS Y PROGRAMAS
UNIVERSIDAD DE VIGO**

v.1. marzo 2017

v.2. marzo 2019

<p>ACC.DOU. Acceso al programa de doctorado</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Número de plazas ofertadas [Código ACSUG: IPD01] 1. Número de solicitudes de plaza presentadas (demanda) [Cód. ACSUG: IPD02] 2. Número de estudiantes matriculados/as de nuevo acceso [Cód. ACSUG: IPD03] 3. Número de estudiantes matriculados/as de nuevo acceso por perfil de acceso [Cód. ACSUG: IPD12] 4. % de estudiantes de nuevo acceso procedentes de máster de otras universidades [Cód. ACSUG: IPD05] 5. % de estudiantes de nuevo acceso que requieren complementos formativos [Cód. ACSUG: IPD07] 	3
<p>MAT.DOU. Matrícula</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Número de estudiantes matriculados/as [Cód. ACSUG: IPD04] 2. Número de estudiantes matriculados/as a tiempo completo y a tiempo parcial [Cód. ACSUG: IPD08] 3. % de estudiantes extranjeros/as [Cód. ACSUG: IPD06] 4. % de estudiantes con beca o contrato predoctoral (FEI, FPU, Xunta ...) [Cód. ACSUG: IPD11] 5. % de estudiantes según línea de investigación [Cód. ACSUG: IPD13] 	7
<p>GRA.DOU. Graduación</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Número de tesis defendidas [Cód. ACSUG: IPD18-01] 2. Tesis defendidas a tiempo completo, tiempo parcial y mixto [Cód. ACSUG: IPD18-02] 3. Número de tesis defendidas según idioma [Cód. ACSUG: IPD18-03] 4. Número de tesis defendidas en régimen de codirección [Cód. ACSUG: IPD14] 5. Porcentaje de tesis defendidas con calificación cum laude [Cód. ACSUG: IPD18-07] 6. Porcentaje de tesis defendidas con mención internacional [Cód. ACSUG: IPD18-08] 7. Duración media de los estudios a tiempo completo, tiempo parcial [Cód. ACSUG: IPD18-04] 8. Tasa de éxito [Cód. ACSUG: IPD18-06] 	11
<p>MOB.DOU. Movilidad</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Porcentaje de estudiantes que participan en programas de movilidad [Cód. ACSUG: IPD10] 2. Porcentaje de estudiantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales por la Comisión académica [Cód. ACSUG: IPD09] 	16
<p>DOC.DOU. Profesorado</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Porcentaje de PDI con sexenios vivos u otros indicadores de calidad de investigación equivalentes [Cód. ACSUG: IPD15] 2. Porcentaje de profesorado extranjero que dirige tesis [Cód. ACSUG: IPD16] 3. Número de expertos internaciones que participan en tribunales de tesis [Cód. ACSUG: IPD17] 	19
<p>SAT.DOU. Satisfacción</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Resultados de las encuestas de satisfacción a todos los grupos de interés [Cód. ACSUG: IPD19] 	22
<p>EMP.DOU. Profesorado</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Datos relativos a la empleabilidad de los doctorados [Cód. ACSUG: IPD20] 	24

1. Porcentaje de estudiantes con beca o contrato predoctoral. [IPD11]

Fuente: META 4, Xescampus

Fuente: Peoplenet, Xescampus

Definición.

Porcentaje de estudiantes matriculados/as en programas de doctorado¹ que obtienen una beca (FPI, FPU, Xunta, propias) o contrato para llevar a cabo los estudios de doctorado.

Población de referencia.

Población total.

Formulación.

Porcentaje de estudiantes matriculados/as con beca o contrato predoctoral en relación con el número total de estudiantes matriculados/as.

Niveles de desagregación.

- Universidad.
- Campus.
- Centro.
- Programa de doctorado.
- Sexo.

¹ sólo disponemos de información de contrato en la Universidad de Vigo